

O protocolo de intervención comprende que, unha vez sucedida a derivación, o acceso por iniciativa propia da persoa beneficiaria ou a través dun intercesor, procédese en primeiro lugar:

- Presentación do servizo á persoa interesada.

Unha profesional técnica do programa cítase co usuario/a e na súa falta, tamén co intermediario para explicar o proxecto, facilitar a documentación e finalmente, sinatura de adhesión ao programa en caso de querer ser perceptor do servizo.

- Tras esta primeira toma de contacto, procede a valoración de inclusión no programa.

Unha das traballadoras sociais en conxunto coa terapeuta ocupacional realizan unha visita domiciliaria para valorar a situación e asesorar fronte ás necesidades demandadas e detectadas polas profesionais determinando pois, se cumpre o perfil para a súa inclusión no proxecto.

- Unha vez aprobada a participación do individuo no programa, elaborárase unha ficha identificativa para cada beneficiario e en coordinación coa persoa demandante acordárase a estratexia proposta polo equipo interdisciplinar.
- Finalmente, sistema de intervención cos usuarios.

En función das necesidades previstas, emitírase un informe social que recolla obxectivos e intervención para seguir valorada previamente polo equipo técnico.


A avaliación dos usuarios e usuarias realízase de maneira constante por parte do equipo técnico e sérvese de apoio co persoal auxiliar. Hai establecido un seguimento telefónico semanal e adaptado á condición de cada un dos participantes.

VI. OUTROS SERVIZOS: APOIOTE

ApoioTE é un banco solidario de produtos de apoio integrado no programa Acompañote. Busca proporcionar de maneira gratuíta aqueles produtos necesarios para que as persoas con discapacidade e/ou dependencia, ademais de escasos recursos económicos, poidan desenvolverse no seu día a día coa maior autonomía posible: camas articuladas, cadeiras de rodas, guindastres, andadores, bastóns, muletas, alzadores e cadeiras de baño...

AcompáñoTE

PROGRAMA DE ATENCIÓN A PERSONAS
MAYORES QUE VIVEN SOLAS



Contato

Móvil/ Whatsapp: 637 720 692-661 221 508

E-mail: antenas@caritascoruna.org



Enderezo actual: C/Antonio Pereira, n.º 1. 15007 A Coruña

Enderezo próxima: Rúa Belén, n.º 19, baixo. 15007 A Coruña

ASOCIACIÓN ABUSO E MALTRATO INFANTIL NO GALICIA “AMINO.GAL”

Como xorde a nosa asociación?

Un de cada tres nenos, nenas e adolescentes (NNA) sofren ou sufriron algún tipo de malos tratos ou abuso sexual infantil. E aínda que poida parecer un dato esaxerado, imposible ou irreal, é un dato que, os que levamos máis de dúas décadas intervindo con menores, ratificamos cos centos de casos que tratamos.

Cando traballas con NNA que sufriron a terrible secuela dos malos tratos infantís, hai frases e accións que che encollen o estómago e apertan o corazón:

“Só ten 4 anos, non se acordará do que sufriu se ninguén llo volve a mencionar. Se nalgún momento saca o tema dicídlle que o soñou”, profesional psicólogo forense.

“Estás segura do que me estás contando, mira que se é mentira o teu pai irá inxustamente ao cárcere?”, axente social.

“Adoita mentir moito e autolesiúnase con frecuencia, seguro que o fai para chamar a atención”, profesional de educación.

“Levo 15 anos sendo técnico e nunca vin nin un só caso de abuso sexual infantil no servizo”, profesional de protección.

Así decenas ou centenaes ao longo dos anos.

E iso motivou que un grupo de profesionais se unisen para crear a Asociación Amino.gal.

De feito, o seu inicio oficial foi no ano 2014 e formámolo distintas profesionais de diferentes ámbitos de intervención con NNA: social, xudicial, sanitario, educativo e terapéutico.

Os principios foron para definir misión, visión e valores e por iso pronto se reaxustou a Xunta Directiva para crear unha asociación sen ánimo de lucro, cun carácter e meta moi claros e únicos: poñerlle voz á infancia maltratada e promover o bo trato á infancia.

Os primeiros pasos de AMINO.Gal

Unha vez situada a nosa identidade comezamos co máis urxente e necesario: VISIBILIZAR a realidade da violencia contra a infancia e adolescencia e ASESORAR a familias e profesionais da contorna das vítimas.

Nunha etapa de voluntariado intensivo a través de charlas, cursos e seminarios gratuítos e abertos, buscamos insistentemente facer visible esta realidade e mobilizar a todos para ser escoitadas pola Administración e a poboación profesional.

Paralelamente creamos un recurso, gratuíto e aberto a toda a poboación, de asesoramento de casos: orientación legal, socioeducativa e terapéutica. Os contactos de asesoramento son a través do noso teléfono, web e redes sociais.

Foi unha etapa moi laboriosa, percorremos toda Galicia, doamos o noso tempo e esforzo en chamar a portas e poñerlle lentes á cegueira que existía na nosa comunidade sobre a existencia e necesidade de previr, detectar e intervir a vítimas de malos tratos infantís.

A axuda da Administración

Grazas á Xunta de Galicia, co apoio da Consellería de Política Social (en colaboración coa Consellería de Educación e Universidades Galegas) levamos a cabo o noso primeiro proxecto coas administracións. Proxecto considerado de gran innovación, debido a que é pioneiro en España, por levar a todos os centros educativos das 7 principais cidades galegas formación na prevención, detección e notificación do abuso sexual infantil. E así naceu “POÑENDO OS LENTES PARA A PROTECCIÓN DA INFANCIA” (www.ponendolentes.es).

Acudimos primeiro ás distintas universidades galegas e animamos, a través da sensibilización, ao alumnado de Maxisterio para que se inclúisen como voluntarios no proxecto. Foron moitos os que accederon e se uniron a un proxecto que cambiaría a realidade da prevención e detección do Abuso Sexual infantil (ASI) en Galicia.

Impartimos formación especializada ao noso voluntariado (que nun ano serían profesorado) e, capitaneados polas dúas coordinadoras do proxecto

(a psicóloga Isabel Pez e a Educadora Infantil Bibiana Araújo, ambas tamén técnicas de prevención) levaron Poñendo os lentes aos equipos docentes dos centros escolares e de educación especial.

Algúns destes voluntarios, tras dous anos de labor e ampliando a súa propia experiencia e formación, pasaron a formar parte do equipo técnico permanente de Amino Galicia.

E algo sucedeu. Segundo iamós formando ao profesorado, aumentaban desde os seus centros educativos as deteccións e notificacións de abusos sexuais a menores. E así nolo confirmaron desde as fiscalías, servizo de protección de menores e centros escolares.

A realidade é que grazas ao programa Poñendo os Lentes xa se formaron en prevención e detección do abuso sexual Infantil case 3 000 profesores e profesoras en activo de Galicia.

Conseguido un primeiro obxectivo de sensibilización, visibilización e formación de profesionais, e demostrada a realidade escondida do abuso sexual infantil (ASI) en Galicia, solicitamos un recurso de demostrada especialización en intervención psicoterapéutica en NNA vítimas de ASI para toda a comunidade. Aínda que non se nos concedeu, seguimos loitando para iso.

A importancia de colaborar en rede

Optamos entón por establecer colaboración cunha entidade local, a Asociación Alborada de Vigo, que leva máis de dúas décadas levando a cabo intervención psicoterapéutica e educativa especializada en malos tratos e abuso sexual infantil e trauma complexo.

Complementámonos en moitas das nosas iniciativas. Desde hai dous anos o noso apoio incondicional á Asociación Alborada céntrase na creación dunha casa de infancia en cada provincia galega. Este proxecto vén de Islandia (Modelo Barnahus), e en España xa se puxo en práctica en dúas comunidades autónomas desde que se solicitou en Galicia. E continuamos en espera, xa que desde a Dirección Xeral de Política Social valoraron moi positivo e necesario este proxecto, pero aínda non nos confirmaron o seu apoio.

Representantes de Galicia en FAPMI

A Asociación Amino Galicia foi visibilizándose na nosa comunidade, pero tamén a nivel nacional. Fomos elixidas, no noso segundo ano de existencia, como asociación representante da comunidade autónoma de Galicia na Federación nacional de Asociacións para a Prevención dos Malos tratos

Infantís (FAPMI). Formamos parte da Xunta Directiva de FAPMI, na actualidade a nosa presidenta Aida Blanco Arias é a secretaria da federación nacional. Iso supuxo que levamos anos sendo parte activa dos proxectos nacionais e internacionais que leva a cabo FAPMI. Exemplo diso son os congresos bianuais, programas ECPAT, mesas de traballo de asesoramento ao ministerio, seminarios etc.

Elaboración de material para difusión

E continuamos a andaina non só con este abano de actuacións, senón que con total altruísmo e moita dedicación, elaboramos material audiovisual para a prevención e detección do abuso sexual infantil, curtametraxes como:

- “Visibilizando” (vídeo de cinco minutos dedicados a mostrar un caso baseado nun feito real e como detectar o ASI no ámbito sanitario, familiar e profesional en xeral).
- “yaNO+” (vídeo no que dúas vítimas, baseadas en varias vítimas reais, desenvolven a súa experiencia de ASI para chegar á poboación xuvenil. Curtametraxe que busca previr e detectar tanto vítimas, como agresores sexuais menores.
- “Escola de detectives” (curtametraxe animada e taller destinados á prevención e detección en alumnado de educación primaria).

Todo este material está dispoñible e descargable gratuitamente na nosa web, xunto coas presentacións teóricas que realizamos nas nosas formacións e os manuais para profesionais.

Xestación e inicio de novos proxectos

E vai pasando o tempo, e chega o ano 2020, e continuamos co asesoramento legal e psicoeducativo, a formación pública e privada, os eventos e intervencións en medios de comunicación e redes sociais, e todos os proxectos e colaboracións. E mencionannos a nivel nacional e internacional pola nosa vocación e empeño en visibilizar e formar de carácter MASIVO en todos os ámbitos profesionais que interveñen con NNA. E recalcamos a palabra masivo pois é prioritaria: canto máis visibilicemos e máis profesionais formemos, máis vítimas axudaremos ou previremos.

A estas alturas do artigo notariades que reivindicamos a loita contra a totalidade dos malos tratos infantís e a promoción do bo trato. Pero ben é certo que, aínda intervindo en todo tipo de violencia infantil, prestámostlles